



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Protocolo de actuación no Concello de Lousame con motivo da crise sanitaria provocada polo Coronavirus (COVID-19)

Expediente: 2020/G003/000161

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lousame, no uso das facultades conferidas pola lexislación vixente do réxime local, emite a seguinte resolución baseada nos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos.

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: O Goberno da Nación, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarou o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19

Segundo: O seu artigo 6 establece que “cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas que estime necesarias no marco das ordes directas da autoridade competente aos efectos do estado de alarma e sen prexuízo do establecido nos artigos 4 e 5”.

Terceiro: Tendo en conta a situación de excepcionalidade que se está vivindo, cómpre insistir na responsabilidade de todos e todas para seguir as recomendacións das autoridades sanitarias e evitar situacións de risco.

Cuarto: Que o novo escenario legal require a adopción de medidas, que afectan tanto ao funcionamento interno como ás relacións cos cidadáns do Concello.

Fundamentación Xurídica:

1. Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que declara o Estado de Alarma.
2. Resolucións do 10 e 12 de marzo do Secretario de Estado de Política Territorial e Función Pública de medidas a adoptar nos centros de traballo co motivo do Covid-19
3. Resolución do 12.03.2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade que da publicidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se adoptan medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Resolución do 12.03.2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se da publicidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se aproba o protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia.
5. Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19.
6. Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Por todo o exposto, no exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta Alcaldía-Presidenta en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, previstas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLVO:

PRIMEIRO: Decretar, durante o tempo que dure o Estado de Alarma declarado polo Goberno do Estado, o **peche total da atención presencial** nas oficinas e locais municipais; agás os servizos esenciais regulados no punto terceiro desta Resolución.

SEGUNDO: Decretar, durante o tempo que dure o Estado de Alarma declarado polo Goberno do Estado, o **peche do Rexistro Presencial** do Concello de Lousame; tendo en conta a suspensión operada nos prazos administrativos pola Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo.

Mantense **operativo o Rexistro Electrónico** do Concello para a presentación das súas solicitudes a través da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es>)

Para casos urxentes e inaprazables, debidamente motivados e xustificados, deberá solicitarse asesoramento telefónico (**981 820 494**) e mediante enderezo electrónico (aurora.frojan@concellodelousame.gal), para arbitrar os medios oportunos que permitan a presentación excepcional de escritos mediante o Rexistro Presencial.

TERCEIRO: Decretar como **servizos públicos municipais esenciais** os seguintes:

- a) Atención á cidadanía (telefónica e telemática)
- b) Secretaría
- c) Intervención (rexistro telemático de facturas)
- d) Tesourería (pagamento a provedores)
- e) Rexistro Xeral
- f) Padrón de Habitantes
- g) Servizos Sociais
- h) Vías e Obras
- i) Parques e Xardíns
- j) Responsables das Unidades Administrativas (Contratación, Urbanismo, etc)
- k) Recursos Humanos
- l) Nóminas

CUARTO: A atención ao cidadán por parte do Concello levarase a cabo por teléfono (**981 820 494**) e por correo electrónico:

- a) Rexistro: aurora.frojan@concellodelousame.gal
- b) Secretaría: paula.ares@concellodelousame.gal
- c) Intervención: paula.ares@concellodelousame.gal
- d) Tesourería: montserrat.arufe@concellodelousame.gal
- e) Padrón de Habitantes: teresa.sobrado@concellodelousame.gal
- f) Servizos Sociais: natividad.hermo@concellodelousame.gal; silviaagrafojo1981@gmail.com
- g) Vías e Obras: concello2015@gmail.com
- h) Parques e Xardíns: concello2015@gamil.com
- i) Recursos Humanos: jose.martinez@concellodelousame.gal
- j) Urbanismo: alejandro.rodriquez@concellodelousame.gal
- k) Contratación: jose.martinez@concellodelousame.gal
- l) AEDL: arturo.barreiro@concellodelousame.gal
- m) Cultura: eduardo.agraso@concellodelousame.gal; teresa.baluja@concellodelousame.gal
- n) Deportes: francisco.romero@concellodelousame.gal; nestor.romero@concellodelousame.gal
- o) OMIX: manuel.outeiral@concellodelousame.gal





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Do mesmo xeito, queda habilitado un número de **whatsapp** exclusivamente para a **comunicación de incidencias urxentes e graves** de afección cidadá: **636 48 51 39**

A atención á cidadanía **será unicamente telefónica e telemática**.

Servizos Públicos Municipais Esenciais (artigo 3): Só para casos moi urxentes, excepcionais e inaprazables, debidamente motivados e xustificados, poderá permitirse a atención presencial, precisando obrigatoriamente cita previa a través do teléfono e correos electrónicos que se sinalan.

Neste suposto estableceranse quendas para garantir a atención, evitando o contacto físico e adoptando as medidas de hixiene recomendadas. Non se permite ningún tipo de aglomeración de persoas en zonas de espera.

QUINTO: O persoal municipal considerado de risco polas Autoridades Sanitarias, queda autorizado para ausentarse do seu posto de traballo, particularmente o persoal con patoloxías concorrentes, enfermidades crónicas ou empregadas embarazadas.

SEXTO: Ao persoal municipal que teña fillos ou fillas menores e/ou dependentes que se vexa afectado polo peche de centros educativos ou de maiores, seralle de aplicación as seguintes medidas:

- Flexibilización da xornada laboral, sen suxeición aos límites previstos na Resolución do 28.02.2019, da Secretaría de Estado de Función Pública que dita instrucións sobre xornada e horarios de traballo.
- No caso de que sexa imprescindible, permitirase a permanencia do persoal no seu domicilio, tendo a consideración de deber inexcusable de conformidade co disposto no artigo 48.i) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- No caso de que ambos proxenitores ou responsables do maior dependente teñan a condición de empregados públicos, non poderán desfrutar destas medidas simultaneamente.

SÉTIMO: O réxime xeral de prestación dos servizos será o teletraballo para todos aqueles empregados que poidan efectualo na citada modalidade.

Para aqueles empregados cuxo cometido requira a imprescindible presenza física, realizarano atendendo as disposicións emanadas respecto de distancia de seguridade, ausencia de contacto físico e calquera outra de índole sanitaria ditada pola autoridade competente (Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo)

Serán habilitados as correspondentes medidas internas necesarias que permitan a continuidade da prestación dos servizos municipais.

OITAVO: Todos os empregados que reúnan os requisitos, deberán solicitar as medidas de flexibilización e o teletraballo, segundo o modelo que estará a disposición de todo o persoal.

NOVENO: Mantense a celebración do Pleno Ordinario do mes de marzo, coas seguintes adaptacións:

- A sesión celebrarase de tal xeito que se respecte a distancia mínima de seguridade entre os membros Corporativos.
- A sesión será a porta pechada, xa que a mesma será grabada e reproducida posteriormente polas canles habituais de comunicación da Corporación.

DÉCIMO: Estas medidas, cuxa validez se estende até o 30 de marzo de 2020, entenderanse efectivamente prorrogadas no caso de prórroga do Estado de Alarma.

UNDÉCIMO: Dar traslado desta Resolución:

- ☐ Aos empregados municipais e aos representantes dos traballadores.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

□ Aos voceiros dos distintos grupos políticos municipais.

DUODÉCIMO: Publicar a presente resolución no Taboleiro de Editos do Concello de Lousame e na páxina web do Concello de Lousame, para a súa xeral difusión.

Mándao e asínao a Alcaldía, en Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa.

*A secretaria-interventora
(no exercicio da función de fe pública, ao abeiro do artigo
3 do RD 128/2018 do 16 de marzo)*

M^a Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

FIRMADO POR María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 17/03/2020 15:12:00)

Decreto N.º: 132/2020 - Fecha de decreto: 17/03/2020

Versión imprimible

CVD: uIM7Dgcy5a4GrkdrZgwZ

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

